

# ÍNDICE

Arrolaime .....	9
Limiar .....	11

## PRIMEIRA PARTE

I. O progreso do peregrino .....	17
II. Bo Nadal .....	31
III. O mozo Laurence .....	45
IV. Cargas .....	59
V. Bos veciños .....	74
VI. Beth atopa o palacio celestial .....	89
VII. O val da humillación de Amy .....	97
VIII. Jo atopa a Apolion .....	106
IX. Meg visita a feira das vaidades .....	119
X. O C.P. e a O.P. ....	138
XI. Experimentos .....	151
XII. O campamento Laurence .....	165
XIII. Castelos no aire .....	189
XIV. Segredos .....	201
XV. Un telegrama .....	213
XVI. Cartas .....	224
XVII. A pequena fiel .....	234
XVIII. Días escuros .....	243
XIX. O testamento de Amy .....	253
XX. Confidencias .....	263
XXI. Laurie fai trasnadas e Jo trae a paz .....	272
XXII. Agradábeis praderías .....	287
XXIII. A Tía March resolve a cuestión .....	296

## SEGUNDA PARTE

XXIV. Ruxerruxes .....	315
XXV. A primeira voda .....	327
XXVI. Intentos artísticos .....	335
XXVII. Leccións de literatura .....	348
XXVIII. Experiencias domésticas.....	358
XXIX. Visitas .....	376
XXX. Consecuencias .....	391
XXXI. O noso corresponsal no estranxeiro .....	405
XXXII. Tenros problemas.....	416
XXXIII. O diario de Jo .....	430
XXXIV. Un amigo .....	444
XXXV. Mal de amores.....	463
XXXVI. O segredo de Beth .....	476
XXXVII. Novas impresións.....	483
XXXVIII. No andel.....	497
XXXIX. O preguiceiro Laurie .....	513
XL. O val das sombras .....	530
XLI. Aprendendo a esquecer.....	538
XLII. Soidade .....	553
XLIII. Sorpresas .....	563
XLIV. Señor e señora .....	583
XLV. Daisy e Demi .....	590
XLVI. Debaixo do paraugas .....	598
XLVII. Tempo de colleita .....	616

## *Limiar*

Lectura de todas nós foi *Little Women* de Louisa May Alcott. Algunhas continuamos a ler as novelas dela, agás as que a autora asinara con pseudónimo por non seren “axeitadas” para as raparigas e mozas. Non falei nunca cunha amiga que non tivera a obra clásica na súa lista de obras lidas. Sabiamos os nomes das irmás, da empregada, o nome de “Marmee”. Sabiamos todas das ledicias e intres tristes da familia March, e aprenderamos como sobrevivían á economía estreita dela.

Moito me temo que nin o dez por cento dos rapaces terán lido a obra que aquí sae como *Mociñas* e un cero por cento dos homes, porque a novela de Alcott non era requirida no currículo escolar, senón que escolliamos o título nós mesmas. Non sei se os rapaces tiñan o seu “clásico”, mais dubido que o tivesen e compadezo a súa falta das leccións das catro rapazas tan expertas en manualidades e o funcionamento do corazón.

Non deixes nunca que o sol se deite sobre a túa rabia é unha das leccións máis importantes. Atópase máis dunha vez en *Mociñas* e lémbrome de terlla repetido á miña nai

ao remate dun día difícil, o que quere dicir terme portado mal. Seica nin lembraba que a orixe da frase era a novela de Alcott.

A guerra civil ficaba lonxe, malia ser publicada *Little Women* só tres anos despois de rematar o conflito. Ficaba lonxe, mais sabiamos que fora dura e longa, do 1861 ao 1865. Os homes loitaban, morrían, sufrían feridas. As mulleres sabían defenderse no fogar, e no caso das March, a supervivencia esixía un esforzo moi grande. Seica por iso eran *little women*, porque dende pequenas a vida requiría valor e a capacidade de calcular ben os ingresos.

A disciplina, a familia, as cousas que se fan coas mans son características das March, das catro irmás. O non saír a mercar coma diversión é unha das boas leccións da novela. A paciencia e a bondade da nai son outras. En conxunto, “a familia” da novela e o concepto de veciños deixa en evidencia a pouca forza que teñen aquelas características nos Estados Unidos de hoxe. Penso que a familia March non deixa de representar un ideal, porén, malia teren pasado xeracións desde 1868. Eu, de moza, soñaba con ser a quinta irmá, quería pertencer á familia pobre e honrada, ideal en canto aos sentimentos e á conduta.

A narradora foi a sorpresa coa nova lectura que fixen agora de *Little Women*. Non me lembraba da primeira persoa que xorde ás veces cun ton maternal e didáctico. Sería a narradora, tan comprometida coa familia, parte do atractivo que tiña a súa historia?

Alcott viviu e escribiu no século XIX e como escritora de novelas era contemporánea de Rosalía. Polo tanto, amosa o aire moralista, romántico e ás veces non ben entendido da novelista galega. As mozas lectoras só sabiamos que as protagonistas eran capaces de saíren adiante na vida, de traballaren, amaren e razoaren con intelixencia. Por iso as amabamos.

A tradución, por boa que sexa, non pode dar testemuña da dificultade do inglés orixinal, que mesmo leva aos e ás anglo falantes a consultar o dicionario máis dunha vez. Na relectura, gozara eu de atopar termos esquecidos ou seica só gardados na memoria literaria. Só polo estilo e o léxico merece *Little Women* ser lido hoxe en día. As novelas infantís escritas en inglés non teñen xa o mesmo repertorio do libro de 1868. E non teñen os mesmos valores, como a colaboración ou a caridade co próximo. As March formaban parte dun tecido social que case non existe xa. Só por iso merece seguir a ser lida a súa historia. Son valores que se traducen, ou merecen ser traducidos, a calquera cultura e lingua.

Confeso que Jo, a menos feminina, a máis autónoma, a máis creativa, segue a ser a miña irmá preferida. No seo da familia March, a súa forza de carácter, o interese por ter unha profesión –a de escritora e despois a de directora da escola chamada Plumfield– encaixa perfectamente no eido en que se criou. Jo é exemplo do respecto, se cadra, que tiñan os transcendentalistas e Protestantes pola educación da muller, malia non ser a que se procura e se desexa para as mociñas de hoxe. Jo era, e é, como a protagonista de *La hija del mar*, a esperanza, para todas nós.

*Kathleen March*  
*Profesora Emérita da Universidade de Maine*